



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

## PROVIDENCIA DE ALCALDÍA Negociado: Contratación. Expte: C06/2021

**D. MARIANO IGLESIAS CASTRO**, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confire o apartado 1 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que en data 19 de outubro de 2021 o Sr. alcalde ditou o decreto nº 387/2021 no que se aproba o proxecto denominado "REPARACIÓN NO POLIDEPORTIVO DE OLAS", obra financiada con fondos propios cun orzamento total de 241.351,71 €.

Visto que o obxecto do presente contrato constitúe un contrato administrativo de obra, de conformidade co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 28 da LCSP, a presente contratación xustifícase na necesidade de reparar tanto os problemas de filtracións de auga, como o pavimento e os vestiarios, que se encontran en mal estado de conservación, impedindo o debido uso das instalacións.

Aos efectos previstos no artigo 99.3 da LCSP, a non división en lotes xustifícase en que a división tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato. Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais, e suporía tamén un retraso na adxudicación dos investimentos e, polo tanto, na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división de lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expedientes de contratación. Así mesmo, a dirección técnica das obras complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios como consecuencia da división en lotes, o que ademais dificultaría a necesaria coordinación da execución dos distintos investimentos.

Considerando o procedemento máis idóneo para a presente contratación, polas súas características e a celeridade que demanda, o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, de conformidade co artigo 159 da LCSP.

Visto que cómpre incoar o expediente para a contratación da obra, é polo que de acordo co artigo 116 da citada Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Iniciar o expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado, da obra denominada "REPARACIÓN NO POLIDEPORTIVO DE OLAS", cun importe de DOUSCENTOS CORENTA E UN MIL TRESCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (241.351,71 €), desglosado nun valor estimado de CENTO NOVENTA E NOVE MIL CATROCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON VINTEDOUS CÉNTIMOS (199.464,22€), e o sobre o valor engadido de CORENTA E UN MIL OITOCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (41.887,49€).

**Segundo.-** Incorporárase ó expediente o prego de cláusulas particulares e acta de replanteo. Débese incorporar ó mesmo informe de intervención de fiscalización do gasto e existencia de crédito orzamentario e informe da secretaría do concello.

**Terceiro.-** Evacuados que sexan estes trámites, déaseme conta.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

En Mesía, a data da sinatura dixital.  
O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.